



PARLAMENTO
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

X lexislatura
Número 461
15 de abril de 2019



CSV: BOPGDSPGY1jzd8GH6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.1. Proxectos de lei

■ Resolución da Presidencia, do 12 de abril de 2019, polo que se amplía o prazo de presentación de emendas ao articulado ao Proxecto de lei de ordenación farmacéutica de Galicia, [doc. núm. 47930, 10/PL-000013] [157397](#)

4. Informacións e correccións de erros

4.2. Correccións de erros

■ Corrección de erros na publicación do Proxecto de lei de Administración dixital de Galicia (10/PL-000014) [157399](#)



1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.1. Proxectos de lei

Resolución da Presidencia, do 12 de abril de 2019, polo que se amplía o prazo de presentación de emendas ao articulado ao Proxecto de lei de ordenación farmacéutica de Galicia, [doc. núm. 47930, 10/PL-000013]

No Rexistro Xeral do Parlamento de Galicia tivo entrada, co número 49105, o escrito do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, polo que se solicita a ampliación do prazo para a presentación de emendas ao articulado ao Proxecto de lei de ordenación farmacéutica de Galicia, [doc. núm. 47930, 10/PL-000013]

A Presidencia, tendo en conta a inmediatez da conclusión do prazo —o día 17 de abril de 2019—, en uso da delegación temporal de competencias de xestión ordinaria da Mesa do Parlamento na Presidencia da Cámara (Acordo da Mesa do Parlamento do 31 de outubro de 2016, publicado no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* núm. 9, do 8 de novembro de 2016), resolve:

1º. Admitir a trámite o documento número de rexistro de entrada 49105, presentado polo G.P. do Bloque Nacionalista Galego

2º. Ampliar, por segunda vez, o prazo para a presentación de emendas ao articulado ao Proxecto de lei de ordenación farmacéutica de Galicia, [doc. núm. 47930, 10/PL-000013] ata o día 25 de abril de 2019, ás 18.30 horas.

3º. Dar conta deste acordo á Mesa e á Xunta de Portavoces.

4º. Notificar este acordo aos grupos parlamentarios.

5º. Publicar este acordo no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 12 de abril de 2019

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente



4. Informacións e correccións de erros

4.2. Correccións de erros

Corrección de erros na publicación do Proxecto de lei de Administración dixital de Galicia (10/PL-000014)

Advertido un erro material, na publicación do Proxecto de lei de Administración dixital de Galicia (10/PL-000014, doc. núm. 48795), no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* núm. 458, do 9 de abril de 2019, consistente na omisión da páxina 3 da exposición de motivos, procédese á publicación da páxina omitida.

Santiago de Compostela, 15 de abril de 2019
Xosé Antón Sarmiento Méndez
Letrado oficial maior



dixitais, na súa constante evolución poden aportar para construír un novo modelo de administración, máis transparente, sinxelo, eficaz e inclusivo e, por conseguinte, máis acorde ás demandas da cidadanía e das empresas.

O Plan de Acción sobre Administración Electrónica 2016-2020 da Unión Europea determinou que no ano 2020 as administracións públicas e as institucións públicas da Unión Europea deberán ser abertas, eficientes e integradoras, e prestar servizos públicos dixitais sen fronteiras, personalizados, fáciles de utilizar e de extremo a extremo a toda a cidadanía e ás empresas da Unión Europea.


Nesta liña, o Consello da Xunta de Galicia, na súa sesión do día 30 de abril de 2015, aprobou a Axenda Dixital de Galicia 2020. Esta estratexia tecnolóxica de Galicia para o período 2015-2020 busca impulsar un modelo de crecemento baseado na economía dixital, que contribúa a dar resposta aos desafíos aos que se enfrenta Galicia en todas as áreas de desenvolvemento.

Así, a administración pública está na obriga de aplicar enfoques innovadores para deseñar e prestar mellores servizos de conformidade coas necesidades e as demandas da cidadanía e as empresas, por medio do aproveitamento das oportunidades que brinda a nova contorna dixital para facilitar as súas interaccións cos cidadáns, coas empresas e con outras administracións. Unha administración dixital para unha cidadanía usuaria do dixital e para aquela que non o é.

II

Esta Lei de administración dixital de Galicia completa o marco normativo galego mencionado no apartado anterior para o desenvolvemento no contexto dixital dos





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

